

ADAPTACIÓNS 3º TRIMESTRE CURSO 2019/20_ORDE EFP/365/2020

Centro: Conservatorio profesional municipal “Mestre Ibáñez”

Localidade: Monforte de Lemos (Lugo)

Departamento: Composición

Xefe de departamento: María Domínguez Pereira

Asignatura: Improvisación

CURSO: 6º grao profesional

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

- Realización do análisis armónico dos diferentes temas propostos polo profesor reflexados na programación.
- Realización de baixos continuos e adaptalos ós temas propostos polo profesor reflexados na programación.
- Realización de temas de composición propia e grupal a partir de estruturas armónicas dadas polo profesor.
- Improvisación práctica incluída dentro ou fora de un tema proposto polo profesor e reflexado na programación.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Realización de baixos continuos e adaptalos ós temas propostos polo profesor reflexados na programación (A lo menos 2 obras por alumno)
 - Realización de temas de composición propia e grupal a partir de estruturas armónicas dadas polo profesor (A lo menos 2 obras por alumno)
- Improvisación práctica incluída dentro ou fora de un tema proposto polo profesor e

reflexado na programación (A lo menos 3 obras por alumno)

- Ter actitude positiva ante a improvisación musical práctica.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc...as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínuo, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia e poderá incrementarse en 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Improvisación-----40%
- Baixo continuo-----30%
- Composición de temas propios-----30%

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Partindo das instrucións do 27 de abril de 2020, que establece no seu punto 8.10:

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte.

Tendo en conta esta premisa, **avaliarase e cualificarase ao alumnado coa presente modificación da programación didáctica do curso anterior (5º curso de grao profesional) en todos os seus apartados**, tendo en conta que se realiza de forma integrada na materia instrumental do presente curso.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación co alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de exercicios que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación co alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

ACTIVIDADES E ENFOQUE METODOLÓXICO

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e a superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

METODOLOXÍA

- Envío ao alumnado de tarefas de traballo mediante correo electrónico, arquivos de partituras, enlaces audiovisuais...
- Envío e recepción por parte do alumnado dos exercicios escritos e/ou interpretados por eles, para posterior explicación e corrección.

RECURSOS E MATERIAIS

Tanto os docentes coma o alumnado contan con ordenador/tablet, teléfono móbil, internet, skype, correo electrónico, programa de edición de partituras, o instrumento da especialidade na que están matriculados e nalgún caso teclado para a realización dos exercicios, papel pautado, lápiz e goma.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Especial atención a alumnos sen conexión a internet, adoptando as medidas necesarias para poder achegarlles o traballo e poidan seguir reforzando as obras e estudos do programa, así como realizar conexión telefónicas de acción tutorial.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente adaptación da programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas no sitio web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.